

Eu vou Comigo



Índice

- 1. FUNDAMENTACIÓN.**
- 2. FICHA TÉCNICA DA CURTAMETRAXE.**
- 3. APLICACIÓN DIDÁCTICA.**
 - 3.1.OBXETIVOS.**
 - 3.2.SUXESTIÓN DAS ACTIVIDADES.**
 - 3.3.ACTIVIDADES.**
 - 3.4.TEMPORALIZACIÓN.**
 - 3.5.METODOLOXÍA.**
- 4. CONCLUSIÓN.**
- 5. BIBIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA.**
- ANEXOS.**



O programa didáctico de Prevención da violencia nas aulas "Eu vou comigo" é unha iniciativa de Abano Producións apoiada e promovida pola Consellería de Política Social e Igualdade da XUNTA de Galicia.

- **Coordinación do proxecto: Abano Producións.**
- **Creación guía, textos e deseño didáctico: Ana Belén Campos Graña.**
- **Deseño e maquetación: María Barro Guntín.**

1.- Fundamentación

Este material didáctico está dirixido ao profesorado, especialmente para o profesorado de educación infantil e do primeiro ciclo de educación primaria sendo complementario ao visionado da curtametraxe ***Eu vou comigo***.

Esta programación de aprendizaxe de boas prácticas está pensada para mellorar as relacións interpersoais; mellorar a autoestima e construír novas formas sas, de bo trato e de igualdade que lle aportará ao noso alumnado unha maior satisfacción persoal.

No preámbulo da LOMLOE faise referencia á importancia de alcanzar unha educación de calidade para todo o alumnado e unha equidade na ensinanza que asegure a igualdade de oportunidades e a non discriminación.

Apoiándonos na LOMLOE, no seu artigo 1, podemos sinalar que, entre os fins da educación destaca **“o desenvolvemento da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades, o respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar, o fomento da igualdade efectiva de mulleres e homes a través da consideración do réxime da coeducación de nenos e nenas...e a prevención da violencia de xénero...”** así mesmo, na Circular 10/2010, sinalase como liña da acción prioritaria a incorporación de contidos relacionados coa dinámica de grupos e igualdade entre sexos e xéneros.

Consideramos importante que dende pequenos e pequenas se traballen, dende os centros educativos, temas relacionados coa coeducación e a prevención da violencia de xénero dende unha perspectiva integral, estrutural e transversal ensinando ao noso alumnado a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

Esta ferramenta didáctica permitirá que dende os centros o profesorado poida afondar nunha temática moi importante na actualidade como é a prevención da violencia de xénero.


Eu vou comigo é unha curtametraxe que aborda diferentes temáticas como son a igualdade ou a autoestima e que poden axudar ao noso alumnado a ser capaces de ter un mellor concepto de si mesmos e mesmas.

Imaxínade por un momento cambiar a vosa forma de ser para gustar a unha persoa. Comézase por pequenas cousas; o pelo, as gafas, a nosa forma de vestir, de sorrir,...ata que deixamos de ser nós mesmos e mesmas, deixamos de ser libres, de ser únicas e únicos e pasamos a ser como queren os demais que sexamos. Pero somos felices así? Sendo outra persoa? Ese é o fondo ao que se quere chegar con esta curtametraxe.

Esta obra está baseada no libro “Yo voy conmigo” (título orixinal) da escritora e ilustradora sevillana Raquel Díaz Reguera converténdose nunha fantástica curtametraxe de animación que presenta unha temática moi importante para o noso alumnado e que ten unha mensaxe clara e concisa: aprender a aceptarnos tal e como somos e a querernos.



2.- Ficha Técnica



TÍTULO: Eu vou contigo.

XÉNERO: Infantil.

TEMÁTICA: Autoestima e igualdade.

DIRECTORA: Chelo Loureiro.

TÉCNICA: Animación 2D.

DURACIÓN: 7 min.

PÚBLICO: Infantil.

SINOPSE

Elisa é a protagonista desta historia e está moi namorada de Martín. Pero Martín non lle fai caso, e seguramente nin saiba da súa existencia. Os amigos e amigas de Elisa comezan a dicirlle que cousas cren que debería de cambiar para conseguir que, por fin, Martín se fixe nela.

Elisa comeza a cambiar pequenas cousas ata que, cando se da de conta, deixa de ser ela mesma. Agora Martín fixouse nela, si, pero Elisa xa non é Elisa.



3.- Aplicación didáctica.

Eu vou comigo é unha curtametraxe que aposta pola prevención da violencia de xénero e que busca que se traballe a autoestima e o auto concepto positivo co alumnado de infantil e o primeiro ciclo de primaria.

Consideramos necesario que os futuros profesionais analicen a intervención educativa da escola sobre os nenos e nenas. Pensamos que esta curtametraxe fai varias propostas interesantes que se poden traballar dende o ámbito educativo como poden ser a temática da **prevención da violencia de xénero e a autoestima** ademais da integración de certos valores como **a amizade, a cooperación, o traballo en equipo, etc.**

Nesta pequena **programación didáctica** o profesorado **atopará unha serie de actividades para ensinarlle aos máis pequenos e pequenas, temas como o concepto de un ou unha mesma, a autoestima e a igualdade, ademais de valores como a amizade, a tolerancia, a cooperación ou o respecto.** Trátase de mostrar dunha forma entretida e divertida a través do xogo, a música e o cine, a importancia de querernos tal e como somos e que non debemos de cambiar para gustar aos e ás demais.

3.1. OBXECTIVOS

- Favorecer unha autoestima positiva e mellorar o auto concepto do alumnado, ademais de aumentar o seu nivel de motivación.
- Sensibilizar á poboación escolar de educación infantil e o primeiro ciclo de educación primaria sobre a prevención da violencia de xénero.
- Fomentar a integración do alumnado dentro do grupo-clase.
- Favorecer o pluralismo respecto ás diferenzas fomentando actitudes de non discriminación, de coidado e de agarimo.
- Fomentar os valores de colaboración e o traballo en equipo.
- Diseñar e desenvolver prácticas educativas que favorezan a autoestima.

3.2. SUXESTIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades que se desenvolven ao longo desta guía foron seleccionadas para levar a cabo dentro dos centros educativos, coa idea de que sexan as e os propios docentes quen elixan as actividades que queren desenvolver para traballar os obxectivos propostos dentro do grupo-clase, de forma que teñan tamén a flexibilidade de poder adaptar as actividades ao propio grupo.

Para facilitar a súa organización as actividades do alumnado que requiran de fichas irán adxuntas ao final da programación.



3.3- Actividades



Actividade con reprodutor



Actividade con material de manualidades



Actividade con obxectos da aula



Actividade sen material

1

ACTIVIDADE 1 "EU VOU COMIGO"



Obxectivos:

- Aprender a coñecernos e a aceptarnos como somos. Aprender a aceptar as persoas como son. Auto concepto.
- Fomentar o respecto de cara os demais.
- Previr os estereotipos.
- Fomentar a autoestima.

Actividade:

Antes da curtametraxe, e sempre adaptando os contidos a idade de cada grupo de nenos e nenas, explicarase brevemente o que é o auto concepto e a autoestima. Posteriormente proxectarase a curtametraxe. Finalmente o/a docente preguntará ao alumnado sobre o visualizado. Algunhas cuestións poden ser: *A Elisa gustáballe ser como era? Por que quixo cambiar Elisa? Cando Elisa cambiou pensades que seguía sendo ela? Estaba contenta a pesar de gustarlle a Martín?*

As cuestións adaptaranse á idade de cada grupo.

Material didáctico: proxector e curtametraxe.

2

ACTIVIDADE 2 "MIRÁMONOS NO ESPELLO"



Obxectivos:

- Desenvolver o autoconcepto e unha autoestima sa.
- Ensinar aos nenos e nenas a quererse e valorarse.
- Fomentar o respecto no grupo-clase.

Actividade:

A seguinte actividade consiste en que cada neno e nena vaia vendo no espello as súas capacidades e que poidan falar con total naturalidade do seu aspecto, sobre todo cando teñen un auto concepto diminuído. Para que poidan chegar a asimilar o seu aspecto con total naturalidade, o docente pode ir facendo ao seu alumnado unha serie de cuestións como: *Quen é ese neno/a do espello? Coñecelo/a? Crees que o/a neno/a do espello é guapo/a? Que é o que máis che gusta del ou dela? Cres que ten cousas boas? Cales? Pensas que os seus compañeiros e compañeiras ven o mesmo que ves ti dese neno/a?...*

Destinatarios:

Alumnado do último curso de infantil e alumnado de 1º e 2º de educación primaria.

Material didáctico: un espello.

3

ACTIVIDADE 3 "ELISA É ÚNICA"



Obxectivos:

- Fomentar o respecto de cara os demais.
- Previr os estereotipos.
- Favorecer a autoestima.
- Ensinar ao alumnado que cada un e unha de nós temos as nosas capacidades e aptitudes e son o que nos fan ser especiais e únicos/as.
- Facilitar o desenvolvemento social e afectivo, e fomentar os sentimentos de seguridade emocional, confianza e autonomía.
- Traballar a psicomotricidade fina e grossa.
- Empregar a expresión corporal.
- Fomentar a integración no grupo-clase.

Actividade:

Para a realización desta actividade será preciso o uso do anexo I que vén ao final da programación didáctica. O alumnado pintará a careta de Elisa, recortarana, pegarana nunha cartolina e lle poñerán unha goma. O docente elaborará unha coreografía adaptada a cada grupo de idade e as necesidades individuais de cada alumno e alumna para a canción "La puerta violeta" de Rozalén. A finalidade desta actividade é que o alumnado interprete a canción coas súas caretas.

Destinatarios:

Alumnado de educación infantil e de 1º e 2º de educación primaria.

Material didáctico: anexo I, temperas, pinceis, ceras ou lapis de cores, pinturas de dedos, gomas de borrar, cartolinas, goma, punzón, cola, arialapis, reprodutor de música (tablet, ordenador...) e a canción "La puerta violeta".



4

ACTIVIDADE 4 "ASÍ SON EU"



Obxectivos:

- Propiciar a construción da propia imaxe.
- Estimular a identidade e sentimentos de aceptación e autoestima.
- Traballar a psicomotricidade fina.

Actividade:

Nesta actividade pediremos ao alumnado que se debuxen e conten como son, o que lles gusta e o que non deles e delas mesmas, o bonito que ven neles e nelas, as súas capacidades,...O alumnado deberá dicir unha cousa positiva de si mesmo ou mesma.

Destinatarios:

Alumnado do último curso de educación infantil e de 1º e 2º de educación primaria.

Material didáctico: folios, temperas, pinceis, ceras ou lapis de cores, pinturas de dedos, gomas de borrar, cartolinas, afialapis

5

ACTIVIDADE 5 "COÑECEMOS AS EMOCIÓNS DE ELISA"



Obxectivos:

- Descubrir as diferentes emocións (leda, triste, dubidosa, namorada...)
- Desenvolver a capacidade de recoñecer, comprender e expresar os propios sentimentos.
- Expresar sentimentos e emocións dunha forma adecuada a través da linguaxe verbal e non verbal.
- Traballar a imitación, a atención, memoria e concentración.

Actividade:

Para a realización desta actividade, o/a docente preparará o material a través do anexo II.A actividade adaptase ao grupo aumentando a súa complexidade segundo a idade. O anexo II estará composto por unha selección de fotos da cara de Elisa mostrando diferentes emocións e/ou sentimentos. Cada emoción será pegada polo ou pola docente nunha cartolina de bastante grosor e plastificada para unha maior duración. O/a docente irá guiando ao alumnado para que a través da imitación aprendan a recoñecer as distintas emocións a través de Elisa.

Destinatarios:

Alumnado de educación infantil.

Material didáctico: anexo II, cola, cartolina, tesoiras e laminador

6

ACTIVIDADE 6 "COUSAS BONITAS"**Obxectivos:**

- Propiciar a construción da propia imaxe.
- Estimular a identidade e sentimentos de aceptación e autoestima.
- Fomentar o respecto no grupo-clase.

Actividade:

Para levar a cabo esta actividade nos primeiros cursos de educación primaria repartiremos a metade dun folio a cada un e unha do noso alumnado. Esa metade do folio deberá de pegarse con cinta adhesiva nas costas do alumno ou alumna. Cada alumno e alumna deberá de escribir unha característica positiva do seu compañeiro ou compañeira. Cando todas as listas estean completas, irán lendo individualmente e en voz alta as características que lles escribiron o resto da clase.

No caso de educación infantil, ao tratarse dun alumnado mais pequeno, modificaremos a realización da actividade. Cada un e unhas dos alumnos e alumnas irán sentando nunha cadeira mentres que os compañeiros e compañeiras irán pasando por diante dicíndolles o que lle gusta del ou dela. A finalidade desta actividade é aumentar a autoestima e o auto concepto de cada un e unha do noso alumnado.

Destinatarios:

Alumnado de educación infantil e de 1º e 2º de educación primaria.

Material didáctico: cadeira, folio, lapis, cinta adhesiva, goma de borrar e afialapis



3.4 - Temporalización

A proposta de secuenciación é unha proposta marco e o docente será o ou a encargada de dedicar o tempo que estime oportuno en función das necesidades, intereses, motivación e características do seu alumnado.

Ademais, o propio profesor ou profesora dispoñerá da capacidade de poder seleccionar as actividades que estime oportunas para levar a cabo co seu grupo. Esta programación está pensada para desenvolverse en dúas sesións, preferiblemente o día 25 de novembro, Día da Prevención da Violencia de Xénero, ou o 8 de Marzo, Día Internacional da Muller. Deixarase marxe á flexibilidade, adaptando os contidos e actividades ás novas necesidades que vaian xurdindo no contexto grupo-clase.

Cada actividade, de ser necesario, adaptarase ás características de cada alumno e alumna. As actividades terán un carácter progresivo existindo un maior nivel de profundidade no coñecemento das habilidades requiridas.

3.5- Metodoloxía

Levaremos a cabo diferentes actividades coas que cremos que cumpriríamos cos obxectivos propostos. A idea é fomentar unha aprendizaxe significativa, de modo que o alumnado sexa capaz de establecer relacións e entender a realidade. Apostamos por unha metodoloxía activa, participativa, aberta, flexible, baseada no xogo e na creatividade plástica e corporal.

Propoñeremos xogos interactivos nos que os nenos e as nenas participen en primeira persoa, poidan expresar de forma espontánea os seus sentimentos, interpreten roles diferentes, se movan libremente, establezan relacións, aprendan a tomar decisións, se impulse o traballo en equipo... A idea é que, na medida do posible, se eviten as actividades de papel e lapis e usar como estratexia básica do ensino a "aprendizaxe por experiencia". Doutra banda, debemos de resaltar o papel da persoa docente como mediador/a entre o alumno e a alumna e os contidos da aprendizaxe. Para traballar este aspecto de desenvolvemento será importante que entre docente e alumnado exista unha boa interacción, xa que, por unha banda, posibilita á persoa docente o seguimento dos procesos que se levan na aula, e por outro, crease un clima de confianza que fai posible a expresión de intereses e opinións. Tamén será importante que o profesorado, ademais de coñecer o material, saiba adecualo ao seu grupo-clase. Pola súa banda, as familias deberán cooperar e participar nas actividades e charlas que se desenvolvan no centro para ser partícipes do proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos.

5.- Conclusión

Nathaniel Branden explicaba que *“se pode aceptar que son quen son, que sinto o que sinto, que fixen o que fixen -se pode aceptalo, gústeme ou non-, pode aceptarme a min mesmo. Pode aceptar os meus defectos, as dúbidas respecto a min mesmo, a miña baixa autoestima. E unha vez que pode aceptar todo isto, estou do lado da realidade, non contra ela. Teño libre o camiño para comezar a fortalecer a miña autoestima”* (2010: 18). Branden afirma que para poder aceptarnos e querernos tal e como somos debemos de aceptar tanto o bo como o malo e así poderemos fortalecer a nosa autoestima.

Debemos partir de que a autoestima e o auto concepto son dous conceptos diferentes. O auto concepto non é innato, o imos construindo conforme imos crescendo, creando así a nosa propia auto imaxe. Ocorre o mesmo coa autoestima, debemos de traballala entendéndoa como o resultado dunha larga secuencia de accións e sentimentos que se van sucedendo no transcurso dos nosos días.

É importante que dende o ámbito familiar e da educación fagan de espello a imaxe de cada neno e nena e desenvolvan a súa autoestima xa que, unha autoestima elevada e sa, implica unha valoración obxectiva e realista de nós mesmos e mesmas, aceptándonos tal e como somos e desenvolvendo sentimentos positivos de cara o noso ego. Todo isto nos axudará a desenvolver eses mesmos sentimentos positivos fronte a outras persoas fomentando desta maneira o respecto de cara os demais e o que axudará tamén a vivir nunha sociedade mais xusta, equitativa e igualitaria.





6.- Bibliografía e webgrafía

- ÁLVAREZ, M. E BISQUERRA, R. (1996): Manual de orientación y tutoría. Ed. Praxe. Barcelona.
- BRANDEN, N. (2010). Cómo mejorar su autoestima. Barcelona, Paidós.
- ROA GARCÍA, A (2013). La educación emocional, el autoconcepto, la autoestima y su importancia en la infancia. EDETANIA 44, 241-257, ISSN: 0214-8560

Referentes Legais:



- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, F. P. e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa na comunidade autónoma de Galicia.

Webgrafía:

www.edu.xunta.es

www.orientared.com

Anexo I "Elisa é única"



Anexo II "Coñecemos as emocións de Elisa"



Anexo II "Coñecemos as emocións de Elisa"



